

MARTÍN ÁLVAREZ LOGRA O SEU TERCEIRO PREMIO 'GOURMAND' COA "GUÍA SECRETA DA GASTRONOMÍA"

- **A axencia internacional "Gourmand" daba onte a coñecer o seu fallo, premiando este libro, publicado en xuño por Alvarelos Editora, na categoría de "Mellor guía de viaxe gastronómica"**
- **O chef e profesor de Cociña Martín Álvarez xa recibira en 2006 dous "óscar" da edición gastronómica pola obra *45 recetas con ortigas*.**
- **Neste novo traballo percorre a cultura gastronómica máis orixinal e esquecida da provincia de Ourense.**



Cuberta da publicación premiada.

O chef e profesor ourensán Martín Álvarez González acaba de conseguir o seu terceiro premio "Gourmand" polo seu libro *GUÍA SECRETA DA GASTRONOMÍA DE GALICIA: OURENSE*, publicado por Alvarelos Editora o pasado mes de xuño dentro da súa colección "A lume lento". Os premios Gourmand están considerados como os "Óscar" dos libros gastronómicos.

Nesta ocasión, a obra foi recoñecida, dentro dos libros publicados en galego en 2010, como "Mellor guía de viaxe gastronómica" ("Best Culinary Travel Guide") e competirá agora na fase mundial destes premios que se desenvolverá en París o próximo día 3 de marzo, onde se eleixirá o mellor libro de viaxe gastronómica do mundo.

Os Premios Mundiais de Libros de Cociña/Gourmand fundáronse en 1995. Neles contéplanse diferentes categorías segundo a temática dos libros e tamén a lingua de edición. O obxectivo dos Gourmand é, segundo os organizadores, "honrar a aqueles que cociñan coa palabra".

Martín Álvarez xa conseguira en 2006 dous importantes galardóns pola súa obra *45 RECETAS CON ORTIGAS* (Alvarelos Editora). Este libro logrou dous premios Gourmand: "Mellor monográfico en español do ano" e "Premio especial do xurado internacional".

A *GUÍA SECRETA DA GASTRONOMÍA DE GALICIA: OURENSE* é toda unha loita contra o esquecemento. Martín Álvarez percorre as feiras, as festas, as romarías e os mercados do seu país ourensán e recolle deles as tradicións gastronómicas, as receitas ou os usos culinarios que corren o risco de se perder no mundo da globalización, pero que son unha das expresións máis fondas da nosa identidade.



Capítulo a capítulo vai pescudando, coma un Cunqueiro do século XXI, o país do millón de vacas. E nárranos a gastronomía dos peixes terra dentro, a horta do rianxo, os licores que elevan o espírito, os pans de millo e fariña triga, a repostería do arroz con leite, das chulas e das rosquillas... E atende tamén a eses establecementos – tendas, restaurantes, tabernas– onde degustar algo único.

“O meu obxectivo é espertar no lector a sensibilidade por amar todo aquilo que forma parte da nosa cultura, para así conservalo e deixárllelo como legado a xeracións futuras”, sinala o autor.

Esta “guía secreta” terá continuidade nas próximas semanas co tomo correspondente á provincia de Lugo, escrito polo xornalista e gastrónomo Miguel Vila.

O AUTOR

Martín Álvarez González (Ourense, 1974) é profesor de Cociña do Instituto de Ensino Secundario de Vilamarín (Ourense). Preside a Asociación Cultural “As Ortigas”, un colectivo que loita por prestixiar as propiedades da planta *urtica dioica*. O seu libro *45 recetas con ortigas* (Alvarellos Editora) foi recoñecido en 2006 con dous premios Gourmand: como mellor monográfico gastronómico editado en español e Medalla de Honra do xurado internacional. É tamén autor de *Estrugas* (2006), *O barquilleiro d'olvido* (2009), colaborador desde 2007 da revista *Auria* e foi nomeado en 2010 Confrade de Honra da asociación "Amigos da Urtiga" de Portugal.



FICHA TÉCNICA

Título: *Guía secreta da gastronomía de Galicia: Ourense*

Páxinas: 138

PVP: 16 €

Medidas: 18x18 cm

Idioma: galego

Data de publicación 1ª edición: xuño 2010

ISBN: 978-84-89323-43-8

Encadernación: tapa branda plastificada con lapelas

Colección: “A lume lento”

- Para contactar co autor Martín Álvarez: 661 926 549. martinalvarez@edu.xunta.es
- Para contactar coa organización dos premios Gourmand: 91 541 67 68 (Óscar Yáñez) oscar@gourmandbooks.com
- Para contactar con Alvarellos Editora: correo@alvarellos.info, 981 522 137, 609 90 88 52



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info